



ACTA DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 18 DE DECEMBRO DE 2017.

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

José Luis Oujo Pouso (PP)

Concelleiros:

María José Maneiro Quintáns (PP)

José Manuel Deán Pouso (PP)

Juan Jesús Pérez Santos (PP)

M^a Magdalena Pérez Millares (PP)

Antonio Romero Ribeiro (PP)

Joaquín García García (PP)

Josefa M^a Hermo García (PSdG- PSOE)

Luis García Gacíaño (PSdG- PSOE)

M^a Asunción Torres Parada (Portodos)

José Ángel Lorenzo Vila (Portodos)

M^a Ánxela Franco Pouso (BNG)

David Barrio Alonso (BNG)

Secretario:

José Manuel González García.

Na localidade de Porto do Son (A Coruña), sendo as **20:05 horas** do día **18 de decembro de 2017**, no Salón de Actos da Antiga Casa Consistorial, reúnese o Pleno da Corporación Municipal en **sesión extraordinaria**, previamente convocada, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Corporación está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Tamén asiste a interventora do concello, D^a. M^a Mar Lirola Delgado.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal de membros da Corporación, o Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido o Alcalde- Presidente procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA.

- 1.- Toma de posesión como concelleiro da Corporación de D. David Barrio Alonso.
- 2.- Solicitud de participación no Plan provincial da cooperación ás obras e servizos de competencia municipal "POS+ 201".



1. TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE D. DAVID BARRIO ALONSO.

D. David Barrio Alonso, de acordo coa fórmula regulamentaria, presta o xuramento ou promesa de desempeñar o seu cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e de gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado, adquirindo plenamente a condición de concelleiro da Corporación de Porto do Son.

O Sr. Alcalde- Presidente dálle a benvinda ao Sr. Barrio Alonso.

2. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL "POS+ 2018".

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Alcaldía, que é do seguinte teor literal:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA- PRESIDENCIA

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobou na súa sesión do 29 de setembro de 2017 as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018", que se publicaron no BOP nº 188 do 03/10/2017.

Por medio da súas circulares do 27 de outubro e do 7 de novembro, de corrección de erros da anterior, infórmase de que a cantidade asignada ao Concello de Porto do Son ascende ao importe de 888.758,85 euros, desagregados como segue:

- Achega provincial 2017: 304.049,08 euros.
- Achega provincial 2018: 309.896,18 euros.
- Préstamo provincial 2018: 274.813,59 euros.

Resulta preciso, pois, determinar os investimentos que se pretende incluír no Plan, así como determinar os importes que se han destinar ao pago facturas pendentes de provedores, ao financiamento de gasto corrente e á redución de débeda con entidades financeiras, así como adoptar os demais acordos precisos para a tramitación do devandito plan.

Visto canto antecede, teño a ben elevar ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo, non obstante, acordará o que estime pertinente:

"1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018", "achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2018":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	15.733,49 €	0,00 €	15.733,49 €
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal pago a provedores	15.733,49 €	0,00 €	15.733,49 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	86.216,51 €



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Subtotal gasto corrente	86.216,51 €
-------------------------	-------------

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración		Deputación	Concello	Orzamento total
Saneamento en Xuño		223.679,67 €	0,00 €	223.679,67 €
Subtotal investimentos achega provincial 2018		223.679,67 €	0,00 €	223.679,67 €
ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos "financeiramente sostibles")		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Humanización da Travesía da Igrexa en Portosín	1532	185.000,00 €	0,00 €	185.000,00 €
Reforma e acondicionamento da Rúa Outeiro Baixo	1532	103.315,59 €	0,00 €	103.315,59 €
Subtotal investimentos achega provincial 2017		288.315,59 €	0,00 €	288.315,59 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración		Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Saneamento en Caamaño		181.376,97 €	0,00 €	181.376,97 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2018		181.376,97 €	0,00 €	181.376,97 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
-----	0,00 €
Subtotal redacción proxectos	0,00 €

E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación
-----	0,00 €
Subtotal achega municipal 2018	0,00 €

Denominación do investimento "financeiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017	Deputación	
Denominación	Grupo de programa	Deputación
-----	-----	0,00 €
Subtotal achega municipal 2017		0,00 €

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da débeda
Bilbao Vizcaya Argentaria, SA	9546484948	93.436,62 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		93.436,62 €



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017	15.733,49 €		15.733,49 €
	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	86.216,51 €		86.216,51 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2018	223.679,67 €	0,00 €	223.679,67 €
	Achega 2017	288.315,59 €	0,00 €	288.315,59 €
	Préstamo 2018	181.376,97 €	0,00 €	181.376,97 €
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
	Achega 2017	0,00 €		0,00 €
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018	93.436,62 €		93.436,62 €
TOTAL	Achega 2018	309.896,18 €	0,00 €	309.896,18 €
	Achega 2017	304.049,08 €	0,00 €	304.049,08 €
	Préstamo 2018	274.813,59 €	0,00 €	274.813,59 €
	TOTAL	888.758,85 €	0,00 €	888.758,85 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Recuperación dun ámbito social. Antigo Campo da Atalaia. 2. Reformulación da Rúa Atalaia	1532	157.218,82 €
Acondicionamento da parcela da antiga escola unitaria de Carballosa para dedicala a usos públicos: aparcadoiro	1532	36.266,58 €
Acondicionamento da parcela da antiga escola unitaria de Novás para dedicala a usos públicos: aparcadoiro	1532	39.796,97 €
Beirarrúa entre as Rúas Redeiras e Sardifeira - Portosín	1532	38.700,00 €
Beirarrúa en Caamaño	1532	63.250,00 €
TOTAIS		335.232,37 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesorería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."



Porto do Son, 7 de decembro de 2017.

O Alcalde- Presidente,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.”

D^a. Josefa M^a Hermo García comeza a súa intervención dándolle a benvida ao Sr. Barrio Alonso. En relación coa proposta que se debate, indica que o grupo socialista vai apoiar o POS 2018 pois na proposta figuran actuacións que o PSOE xa vén defendendo desde fai tempo. Tamén recorda que o Sr. Alcalde dixera no 2015 que non se ían acometer obras que tivese que executar a Xunta de Galicia, polo que non entenden como agora se quere acometer desde o concello o proxecto “Saneamento en Xuño”.

A voceira socialista, para rematar, pregúntalle ao Sr. Alcalde por que é tan mentireiro e por que non foi a explicarlle o proxecto da EDAR de Xuño e Caamaño aos veciños.

D^a. M^a Asunción Torres Parada adianta o voto favorable do seu grupo, pero di que bota en falta que se pidan achegas aos grupos políticos da oposición. Continúa sinalando que, se ben todas as obras que se propoñen son importantes, cren que se poderían incluír outras, como a construción de beirarrúas en Portosín, desde o establecemento “O noso bar” ata o primeiro cruce.

Conclúe dicindo que sería bo que se tivesen en conta as achegas dos grupos políticos da oposición.

D^a. María Ánxela Franco Pouso principia dándolle a benvida á Corporación ao Sr. Barrio Alonso. Prosegue expresando que no BNG están de acordo en realizar a maioría das obras, pero cren necesario absterse posto que se demostrou ao longo dos anos que ao goberno municipal non lle importa que non participen na elaboración do POS.

A voceira nacionalista, se ben di aledarse de que se invista en saneamento, lamenta que o Concello de Porto do Son, con cargo á asignación de fondos da Deputación Provincial, gaste máis de 405.000 euros en saneamento mentres que a obra da EDAR de Xuño e Caamaño representa só 200.000 euros. Pide que quede claro que están a favor da depuración, mais non cunha obra de pouco máis de 200.000 euros de custo real. Tamén di que agardan que se tomen as medidas oportunas e se lle solicite á Xunta de Galicia que se faga unha depuración correcta.

D^a. María José Maneiro Quintáns agradece o apoio maioritario dos grupos políticos da oposición á proposta e pasa a describir brevemente os proxectos que se pretende aprobar:

- “Humanización da Travesía da Igrexa en Portosín”: vaise reordenar a principal vía de acceso a Portosín e mellorar a accesibilidade; renovarase as redes de servizos e soterraranse os cables de electricidade. Esta actuación, explica, abordarase conxuntamente coa que vai realizar a Xunta de Galicia.
- “Reforma e acondicionamento da Rúa Outeiro Baixo”: é unha das fases coas que se pretende mellorar ese ámbito, que está moi deteriorado. Van renovarse as redes de servizos e mellórase o pavimento e a iluminación pública.
- “Saneamento en Xuño” e “Saneamento en Caamaño”: unha das prioridades do goberno municipal é a de dotar de saneamento integral ao concello e en Xuño e Caamaño hai redes feitas pero algunhas non chegan á EDAR, polo que se pretende conectalas con esa instalación.



En relación co manifestado pola Sra. Hermo García, afirma que o goberno municipal non mudou de criterio; di que non pode haber saneamento se non hai EDAR e que non van enterrar tubaxes como os gobernos anteriores e dicir que hai saneamento.

Contestando á Sra. Torres Parada, D^a. María José Maneiro Quintáns explica que as beirarrúas entre o establecemento "O noso bar" e o primeiro cruce se inclúen no Plan Complementario.

Finalmente, aludindo ao expresado pola Sra. Franco Pouso, afirma que agora non se gasta en tubaxes pois hai unha EDAR e di que lle gustaría coñecer os motivos da voceira do BNG para negarse a apoiar unha obra tan necesaria na súa parroquia.

D^a. Josefa M^a Hermo García indica que nos Orzamentos da Xunta de Galicia para 2016 había consignados 490.000 euros para a EDAR de Caamaño e o Sr. Alcalde dixo, e así consta nas actas, que sería a Xunta de Galicia quen acometese esa obra.

Conclúe a súa intervención afirmando que o saneamento será integral cando chegue a Sieira e o haxa estrada arriba e estrada abaixo.

A voceira de Portodos non fai uso da súa quenda de palabra.

D^a. María Ánxela Franco Pouso, en relación coas obras propostas, sinala que cando gobernaban xa a arquitecta municipal tiña un anteproxecto para a zona da Travesía da Igrexa de Portosín, polo que agora non se está a inventar nada. Tamén di agardar que o investimento da Xunta de Galicia para a rotonda de Portosín non sexa de 20.000 euros e o concello teña que facerse cargo de case todos os custos.

En alusión ao dito pola Sra. Maneiro Quintáns, a voceira do BNG pide que non a terxiversen, pois non criticou o gasto en saneamento, senón o feito de que o concello estea investindo máis que a Xunta de Galicia, que só vai por 200.000 euros para a EDAR.

A Sra. Franco Pouso afirma que é falso que o goberno municipal lle explicara a EDAR aos veciños, pois non quixeron debater sobre o asunto e o Concelleiro de Medioambiente asistiu á mesa redonda pero non falou, e pregúntase se sería porque non lle explicaran a obra. Prosegue manifestando que con 200.000 euros de investimento na EDAR non se vai sanear nin depurar, senón cambiar o lixo de sitio. Tamén pide que desde o goberno municipal se inste ao Concello de Ribeira a que respecte o caudal do río Sieira.

Remata a súa intervención aclarando que non lamenta que se fagan obras e pide que non terxiversen as súas palabras.

D^a. María José Maneiro Quintáns di que non coñece os argumentos do BNG para posicionarse en contra da EDAR de Xuño e Caamaño e gustaríalle que os explicasen e que apoiasen a obra. Engade que non son enxeñeiros e que a EDAR a deseñaron enxeñeiros que saberán como facelo. Tamén explica que non é certo que se constrúa unha EDAR por 200.000 euros senón que ese é o gasto para poñela en funcionamento, pois xa está feita.

A Sra. Maneiro Quintáns afirma que se lle están a contar "milongas" aos veciños pois vaise depurar e non será unha EDAR que verta lixo, e opina que é mellor dispor dunha EDAR que a situación actual.

Remata a súa intervención indicando que informan aos veciños cando teñen os datos sobre as vivendas que se van conectar ao saneamento, co fin de dar unha información adecuada.



D^a. María Ánxela Franco Pouso, en relación co manifestado pola Sra. Maneiro Quintáns, explica que os argumentos do BNG sobre a EDAR están recollidos nun documento que elaborou un catedrático. En relación cos técnicos, apunta que o proxecto de saneamento en Xuño o fixo a Sra. Vanessa Figueiras, que ía na listaxe electoral do PP.

Intervén o Sr. Alcalde- Presidente pedíndolle á Sra. Hermo García que non diga que contan mentiras, pois están a informar aos veciños.

En alusión ao manifestado pola voceira do BNG, indica que o documento sobre a EDAR dese grupo o faría un catedrático pero a EDAR deseñárona os enxeñeiros de Augas de Galicia.

Dirixíndose á Sra. Torres Parada, di que mencionou que non se teñen en conta as propostas dos grupos da oposición, pero ela non quixo asistir á xuntanza para explicar o proxecto da EDAR nin tampouco desculpou a súa ausencia.

Tamén pide o Sr. Alcalde- Presidente que a Sra. Franco Pouso non critique o custo do proxecto da EDAR pois, se suma os investimentos executados, case acadan 1.000.000 de euros. Tamén a insta a, no canto de criticar a EDAR, propor alternativas para poder valorar se ten razón.

O Sr. Alcalde- Presidente dille aos grupos políticos da oposición que deberían aledarse porque se faga a EDAR, pois parece que lles senta mal que se faga o investimento. Tamén di que oxalá puidesen dispor dos fondos que había cando se fixo o saneamento que non valeu para nada porque non había EDAR.

Finalmente, dirixíndose á Sra. Franco Pouso, indícalle que o BNG publicou un video dun vertido e, só por iso, xa se xustifica a existencia da EDAR. Tamén lle pregunta se lle dá máis valor a un informe que a un proxecto de Augas de Galicia.

D^a. María Ánxela Franco Pouso afirma que está a favor da mellor depuración posible pois, como veciña, é a primeira interesada na depuración. Engade que a única razón de solicitarlle á Xunta de Galicia a mellora da depuradora é a de tentar conservar o que a natureza lles deu.

O Sr. Alcalde- Presidente pregúntalle á voceira nacionalista por que discuten se están de acordo coa necesidade da EDAR.

D^a. María Ánxela Franco Pouso responde que o fan coa intención de mellorar o sistema.

O Sr. Alcalde- Presidente di que neste asunto quen teñen que opinar son os técnicos pois el non está capacitado para facelo.

D^a. María Ánxela Franco Pouso indícalle que pode preguntarlle aos veciños de Ribasieira ou aos de Cans, por exemplo.

O Sr. Alcalde- Presidente apunta que na proposta que se trae ao Pleno faltan obras, pois máis quixeran aprobar se puideran, e engade que esperarán polas propostas ao respecto dos grupos da oposición, pero chegarán a onde poidan.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde- Presidente dá paso á votación da proposta.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, trala **votación ordinaria e por once (11) votos a favor (7 PP+ 2 PSdG- PSOE+ 2 BNG)** e con **dúas (2) abstencións (2 BNG)**, polo tanto co **quorum da maioría absoluta**, sendo **trece (13)** o número legal de membros da Corporación, **adopta o seguinte ACORDO:**



"O Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobou na súa sesión do 29 de setembro de 2017 as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018", que se publicaron no BOP nº 188 do 03/10/2017.

Por medio da súas circulares do 27 de outubro e do 7 de novembro, de corrección de erros da anterior, infórmase de que a cantidade asignada ao Concello de Porto do Son ascende ao importe de 888.758,85 euros, desagregados como segue:

- Achega provincial 2017: 304.049,08 euros.
- Achega provincial 2018: 309.896,18 euros.
- Préstamo provincial 2018: 274.813,59 euros.

Resulta preciso, pois, determinar os investimentos que se pretende incluír no Plan, así como determinar os importes que se han destinar ao pago facturas pendentes de provedores, ao financiamento de gasto corrente e á redución de débeda con entidades financeiras, así como adoptar os demais acordos precisos para a tramitación do devandito plan.

Visto canto antecede, teño a ben elevar ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo, non obstante, acordará o que estime pertinente:

"1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018", "achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2018":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	15.733,49 €	0,00 €	15.733,49 €
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal pago a provedores	15.733,49 €	0,00 €	15.733,49 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	86.216,51 €
Subtotal gasto corrente	86.216,51 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Saneamento en Xuño	223.679,67 €	0,00 €	223.679,67 €
Subtotal investimentos achega provincial 2018	223.679,67 €	0,00 €	223.679,67 €



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos "financeiramente sostibles")		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Humanización da Travesía da Igrexa en Portosín	1532	185.000,00 €	0,00 €	185.000,00 €
Reforma e acondicionamento da Rúa Outeiro Baixo	1532	103.315,59 €	0,00 €	103.315,59 €
Subtotal investimentos achega provincial 2017		288.315,59 €	0,00 €	288.315,59 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Saneamento en Caamaño	181.376,97 €	0,00 €	181.376,97 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2018	181.376,97 €	0,00 €	181.376,97 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
-----	0,00 €
Subtotal redacción proxectos	0,00 €

E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación
-----	0,00 €
Subtotal achega municipal 2018	0,00 €

Denominación do investimento "financeiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017		Deputación
Denominación	Grupo de programa	
-----	-----	0,00 €
Subtotal achega municipal 2017		0,00 €

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da débeda
Bilbao Vizcaya Argentaria, SA	9546484948	93.436,62 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		93.436,62 €



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017	15.733,49 €		15.733,49 €
	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	86.216,51 €		86.216,51 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2018	223.679,67 €	0,00 €	223.679,67 €
	Achega 2017	288.315,59 €	0,00 €	288.315,59 €
	Préstamo 2018	181.376,97 €	0,00 €	181.376,97 €
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
	Achega 2017	0,00 €		0,00 €
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018	93.436,62 €		93.436,62 €
TOTAL	Achega 2018	309.896,18 €	0,00 €	309.896,18 €
	Achega 2017	304.049,08 €	0,00 €	304.049,08 €
	Préstamo 2018	274.813,59 €	0,00 €	274.813,59 €
	TOTAL	888.758,85 €	0,00 €	888.758,85 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Recuperación dun ámbito social. Antigo Campo da Atalaia. 2. Reformulación da Rúa Atalaia	1532	157.218,82 €
Acondicionamento da parcela da antiga escola unitaria de Carballosa para dedicala a usos públicos: aparcadoiro	1532	36.266,58 €
Acondicionamento da parcela da antiga escola unitaria de Novás para dedicala a usos públicos: aparcadoiro	1532	39.796,97 €
Beirarrúa entre as Rúas Redeiras e Sardiñeira - Portosín	1532	38.700,00 €
Beirarrúa en Caamaño	1532	63.250,00 €
TOTAIS		335.232,37 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **20:50 horas** do día **18 de decembro de 2017**, de todo o que se estende a presente acta, da que eu, como secretario dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE.

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

O SECRETARIO, que dá fe.

Asdo. José Manuel González García

